

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 30 DE NOVEMBRO DE 2011

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día trinta de novembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO (incorpórouse á sesión unha vez tratado o asunto número 17/798) e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e a Interventora Xeral Municipal en funcións, dona Elva Anido Anido, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 23 de novembro de 2011.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a rectificación de erro no acordo número 5/619 adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do día catorce de setembro de dous mil once, en relación co edificio sito na rúa Xermán Alonso Hortas, número 12.

Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento da parcela sita na rúa Tunel de Oural esquina rúa Río Ladra; para instalación de ascensor no edificio con licenza número 471/71, sito en solo urbano na rúa Río Navia, número 17; para acondicionamento de local para uso administrativo no edificio con licenza número 729/90, sito en solo urbano, na rúa Castelao, número 5; para residencia xeriátrica na avda. Infanta Elena, Duquesa de Lugo, parcela C do Sector I do Sunp ING; para reforma de local no edificio sito en solo urbano na praza Maior, números 6-7 e para legalización de garaxe apegado e execución de ampliación no edificio de vivenda unifamiliar existente con licenza número 1.177/07, sita no núcleo rural tradicional de Bosende de abaixo, parroquia de San Pedro Fiz de Muxa.

Acórdase a concesión da licenza de primeira utilización para unha nave industrial, sita na avda. Benigno Rivera s/n, con licenzas de obra nº 1616/05, 1392/08 e 1018/11.

2. PLANEAMENTO.- Acórdase a aprobación da constitución da Xunta de Compensación da Unidade de intervención número 1 do Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reforma Interior (PEPRI) do Recinto amurallado e a súa zona de influencia.

Acórdase a encomenda de xestión a Evislusa do traballo de colaboración cos servizos municipais, e coordinación destes, no estudo e informe do documento do pxom que elabore “EPYPSA”, relativo ás áreas e determinacións obxecto de reparos na orde, do 29 de abril de 2011, do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, sobre a aprobación definitiva, de forma parcial, do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios a levar a cabo por persoal adscrito á Sección de Cultura e aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a resolución do requirimento formulado e execución da opción de compra na contratación do aluguer e mantemento de ordenadores persoais do Concello de Lugo.

Acórdase a incoación de expediente de resolución de contrato por mutuo acordo na contratación das obras de accesibilidade en viario.

5. FACENDA LOCAL.- Acórdase proceder a devolución da parte correspondente dos importes ingresados ó seu nome en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, pola licenza para construción de fogar residencial no núcleo rural tradicional de Pena da Mula, 3, por mor de modificacións no edificio e consecuentemente no presuposto de execución material valorado polo Servizo de Arquitectura.

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: 11extractoxg56.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-11-2011

Tamén se acorda a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ó declararse a caducidade do expediente de licenza para construción dunha corte e instalacións complementarias para gando vacún de leite en parcela 359, polígono 107, sita en Benade.

Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ó denegarse a licenza solicitada para construción de edificio na rúa Camiño Verde, 2.

Lugo, 1 de decembro de 2011
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García